

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 8 de xullo de 2011

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 08/07/2011.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 08/07/2011.
- III. Guía de titulación do grao de "Enxeñaría da Enerxía" para o curso 2011-12.
- IV. Guía de titulación do grao de "Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos" para o curso 2011-12.
- V. Guía de titulación do "Mestrado en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel" para o curso 2011-12.
- VI. Guía de titulación do "Mestrado en Tecnoloxía Medioambiental" para o curso 2011-12.
- VII. Horarios de Enxeñaría de Minas para o curso académico 2011-2012.
- VIII. Calendario de exames de Enxeñaría de Minas para o curso académico 2011-2012.
- IX. Tribunais extraordinarios de Enxeñaría de Minas para o curso académico 2011-2012.
- X. Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

Ábrese a sesión ás 11 horas e 37 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada o 27 de maio de 2011.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria de Xunta de Escola celebrada o 27 de maio de 2011.

2. Informe do Director.

O director informa sobre:

- A aula de grao pasa a ter un tablet-PC do mesmo xeito que o resto de aulas habéndose retirado o anterior equipo de sobremesa. Existen conexións de rede e vídeo suplementarias en mesa e atril.

- A aula de videoconferencia tamén esta dotada de zocalos nas mesas con conexión de rede podendo ser utilizada para dar clase a grupos reducidos de unhas 15 persoas.
- Las baixantes de augas pluviais situadas no interior das aulas foron illadas con fundas para previr o ruído que provocaban.
- Publicáronse anuncios publicitarios da escola nos periódicos "Faro de Vigo" e "Opinión" da Coruña coincidindo coa publicación das notas de selectividade.

3. Aprobación, se procede, da guía de titulación do grao de "Enxeñaría da Enerxía" para o curso académico 2011-2012.

Respecto aos graos houbo xa reunións informativas e de coordinación. A subdirectora de estudos organizou minixornadas na aula informática explicativas da plataforma DocNet.

Pídese facer constar en acta que as guías docentes das materias "Resistencia de Materiais" e "Mecánica de Fluídos" entregáronse fora de prazo e a última hora, antes do comezo da presente Xunta de Escola. A guía docente da materia "Tecnoloxía Ambiental" aínda non foi entregada. A Xunta de Escola acorda enviar un escrito a este respecto aos profesores e Departamentos responsables.

Apróbase por asentimento a guía de titulación do grao de "Enxeñaría da Enerxía" para o curso académico 2011-2012, que se achega a esta acta como anexo III.

4. Aprobación, se procede, da guía de titulación do grao de "Enxeñaría da dos Recursos Mineiros e Enerxéticos" para o curso académico 2011-2012.

Respecto aos graos houbo xa reunións informativas e de coordinación. A subdirectora de estudos organizou minixornadas na aula informática explicativas da plataforma DocNet.

Pídese facer constar en acta que as guías docentes das materias "Resistencia de Materiais" e "Mecánica de Fluídos" entregáronse fora de prazo e a última hora, antes do comezo da presente Xunta de Escola. A guía docente da materia "Tecnoloxía Ambiental" aínda non foi entregada. A Xunta de Escola acorda enviar un escrito a este respecto aos profesores e Departamentos responsables.

Apróbase por asentimento a guía de titulación do grao de "Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos" para o curso académico 2011-2012, que se achega a esta acta como anexo IV.

5. Aprobación, se procede, da guía de titulación do “Mestrado en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel” para o curso académico 2011-2012.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a guía do “Mestrado en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel” para o curso 2011-2012, que se achega como anexo V a esta acta.

6. Aprobación, se procede, da guía de titulación do “Mestrado en Tecnoloxía Medioambiental” para o curso académico 2011-2012.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a guía do “Mestrado en Tecnoloxía Medioambiental” para o curso 2011-2012, que se achega como anexo VI a esta acta.

7. Aprobación, se procede, da planificación docente para o curso 2011-2012 da titulación de Enxeñaría de Minas: horarios, calendario de exames, programas das materias, tribunais extraordinarios...

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a planificación docente para o curso 2011-2012 da titulación de Enxeñaría de Minas:

- Horarios (achéganse como anexo VII a esta acta).
- Calendario de exames (achéganse como anexo VIII a esta acta).
- Tribunais extraordinarios (achéganse como anexo IX a esta acta).

8. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, os seguintes documentos relativos ao plan de calidade desta Escola, e que se achegan como anexo X a esta acta:

- IT01-PA01
- IT01-PA03
- IT01-PA08
- IT01-PC12

Apróbanse os informes preliminares de seguimento das titulacións de grao e mestrado do centro condicionados a que, ao ter que vir posteriormente aceptados pola Área de Calidade, deban ser sometidos a aprobación pola Comisión Interna de Garantía de Calidade.

9. Rolda aberta de intervencións.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 53 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, oito de xullo de dous mil once.

Vº e Prace

O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 08/07/2011

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 08/07/2011

Asistentes Xunta de Escola ordinaria 08/07/2011

PROFESORES	
1.	Presidente: Pedro Arias Sánchez
2.	Secretario: Enrique Granada Álvarez
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Álvarez Vázquez, Lino José
6.	Araújo Fernández, María
7.	Bajo Palacio, Ignacio
8.	Cabeza Simó, Marta
9.	Caparrini Marín, Natalia
10.	Carrillo González, Camilo José
11.	Correa Otero, José María
12.	Durany Castrillo, José
13.	García Bastante, Fernando
14.	González Rodríguez, Elena
15.	Liz Marzán, Eduardo
16.	Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
17.	Manzanedo García, José Fernando
18.	Orche García, Enrique
19.	Pena Uris, Gloria
20.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
21.	Porto Arceo, Enrique
22.	Rivas Brea, Teresa
23.	Saavedra González, Ángeles
24.	Vázquez Dorrió, José Benito
25.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Arufe López, Álvaro
2.	Faro Malvar, Diego
3.	Fernández Rodríguez, David
4.	Gómez Pereira, Laura
5.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
6.	Puga Alonso, Javier
7.	Rodríguez Domínguez, Álvaro
PAS	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	54
Asistentes	33

Escusan a súa asistencia:

- José Bienvenido Díez Ferrer
- Javier Silveira Loureiro
- Iván Veleiro Pinal

ANEXO III

Guía de titulación do grao de “Enxeñaría da Enerxía” para o curso académico 2011-2012

ANEXO IV

Guía de titulación do grao de “Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos” para o curso académico 2011-2012

ANEXO V

Guía de titulación do “Mestrado en Tecnoloxías Aplicadas á Protección do Patrimonio Cultural Inmable” para o curso académico 2011-2012

ANEXO VI

Guía de titulación do “Mestrado en Tecnoloxía Medioambiental” para o curso académico 2011-2012

ANEXO VII

Horarios de Enxeñaría de Minas para o curso académico 2011-2012

ANEXO VIII

Calendario de exames de Enxeñaría de Minas para o curso académico 2011-2012

ANEXO IX

Tribunais extraordinarios de Enxeñaría de Minas para o curso académico 2011-2012

ANEXO X

Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas:

- IT01-PA01: Guía/calendario de evidencias.
- IT01-PA03: Proposta de modificacións nas enquisas ligadas ao SGIC.
- IT01-PC12: Proposta de indicadores/mecanismos para medir resultados académicos.
- PA08-IT01: Plan de servizos permanentes da Escola.